

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2022

Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.

Rosalía de Castro

PENSAR [TE] LIBRE

Alimentamos a realidade do noso País a través da nosa lingua e das palabras que envolven a nosa diversidade social e cultural. Pensármonos na lingua de nosoutas é manter, transmitir e dignificar quen somos. E esta é a forza que atopamos en Rosalía de Castro: recoñecermonos como pobo forte, unido na nosa lingua.

Non hai nada máis poderoso que as voces legadas polas nosas devanceiras, para arrodear os sentires, as emocións, a rebeldía, a liberdade dese pensamento sobre o que ninguén pode mandar.

Velaquí o maior acto revolucionario que nos agasallou Rosalía de Castro! Os seus versos transfórmanse nunha historia que rebela, provoca, emociona e que nos acolle para “*eu tamén navegar*”¹, para facermos parte dunha nosa Historia propia e libre.

*Así vou eu/formando parte/Non me abandono e formo parte*², do pobo que describe Rosalía de Castro, da xente que defende a cultura sen cancelas e enche as rúas de voces violetas para combater da man das compañeiras os mouchos que nos asexan e a aqueles que ladran contra as que camiñan.

*Abracemos, entón, a desorde das ideas*³ e a marcha dos pensamentos para seguir o navegar de Rosalía de Castro na voz das persoas humildes, para escoitar o silencio das oprimidas e censurar as inxustizas coa forza da nosa lingua. Non precisamos mans alleas que escriban a nosa historia así que, *Dálle que dálle ó argadelo/noite e día/e pensa e pensa naquelo/porfía que te porfía*, porque xa agroma forte a semente plantada. *Vivamos a galope*⁴ nunha rede de afectos e celebremos que nin a lingua nin o pensamento se exilian. Tezamos xuntas, fortes e libres os puntos que calcetaron as mestras da República, as cigarreiras, as misteiras, as costureiras e todas as que, coma ti, loitaron contra as inxustizas e polos dereitos.

Cosamos cos fíos da lingua na que entendemos, debatemos, amamos e enliñemos as nosas ideas e os nosos pensamentos.

*Tal com'as nubes
Qu'impele o vento
Y agora asombran, y agora alegran*

¹ Xohana Torres.

² Luísa Villalta.

³ Xela Arias.

⁴ María Xosé Queizán.

*Os espaços inmensos d'o ceo,
Así as ideas
Loucas qu'eu teño
As imaxes de múltiples formas
D'estradas feitas, de cores incertas,
Agora asombran,
O fondo sin fondo d'o meu pensamento.*

Beatriz Maceda Abeleira
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
#rdc_2022 #SementadePensamentos